

ORDENANZA NÚM: 28

ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES DE ÁMBITO DEPORTIVO REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece os prezos públicos por cursos ou actividades de ámbito deportivo organizados polo do Concello de Soutomaior.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, quen se beneficien dos servizos prestados. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade o titor o representante legal dos mesmos.

O devengo deste prezo ten lugar no momento no que se efectúe a solicitude de matriculación correspondente, nacente a obriga de pago cando se inicie a prestación do servizo .

ARTIGO 3. CONTÍA

1.- A contía dos prezos públicos regulamentados nesta Ordenanza será fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades:

2.- As tarifas deste prezo público será a seguintes:

CURSOS DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DEPORTIVOS

CURSOS	MATRICULA POR CURSO		POR MES	
	Empadroados	Non empadroados	Empadroados	Non empadroados
Escola Iniciación o deporte			5,00 €	10,00€
Ximnasia rítmica ou acrobática	--	--	12,00€	20,00€
Tenis infantil 1h(*)	--	--	15,00€	20,00€
Tenis infantil 2n(*)			20,00€	30,00€
Minitenis 2h(*)			20,00€	30,00€
Tenis Adulto	--	--	30,00€	40,00€
Tenis Adulto Iniciación (*)			20,00€	30,00€
Paddel Adulto	--	--	20,00€	30,00€
Paddel infantil 1h(*)	--	--	15,00€	20,00€
Paddel infantil 2h(*)			20,00€	30,00€
Ximnasia mantemento	--	--	10,00€	15,00 €
Aerobic	--	--	15,00€	25,00€
Baile de moderno ou de salón	--	--	12,00€	20,00€
Patinaxe infantil	--	--	10,00€	15,00€
Patinaxe adultos	--	--	10,00€	15,00€
Baloncesto	--	--	10,00€	15,00€

Futbol sala(*)			10,00€	10,00€
Multideporte			5,00€	10,00€
Natación adultos (*)	--	--	30,00€	40,00€
Natación infantil (*)	--	--	20,00€	25,00€
Zumba (*)	--	--	25,00€	35,00€
Kangoo Power (*)	--	--	25,00€	35,00€
Campus Deportivo Verán	10 €	15€		

OUTROS SERVIZOS DEPORTIVOS

Fianza por equipo de fútbol	60,00€
Arbitraxes por equipo cada partido	11,00€

Viaxes, excursións, e outras actividades deportivas, organizadas polo concello.

O prezo fixarase polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente

3.- No caso das actividades nas que non se cubra o mínimo de alumnos establecido poden verse suspendidas ou aprazadas ata cubri-lo.

ARTIGO 4-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Establecese a seguinte exención para os cursos de actividades e servizos deportivos:

As persoas inscritas cuxos ingresos de unidade de convivencia, dotados por calquer concepto, sexan iguais ou inferiores a cuantía da Renda de integración social de Galicia, que no caso de ser perceptor da mesma lle correspondería.

Neste caso os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificación o copia compulsada dos ingresos da unidade de convivencia expedido polo organismo correspondente.
- Certificado de convivencia
- Declaración xurada de que no caso de que a súa situación económica familiar varíe o comunicara ao Concello.
- Os demais documentos requiridos, no seu caso, pola traballadora social.

Todos os expedientes de exencións serán tramitados polo Departamento de Deportes, informados pola traballadora social e resoltos por Resolución da Alcaldía, e comunicado ao Departamento de Deportes.

O interesado deberá cada bimestre, e no mesmo período establecido para o pago, renovar a exención no Departamento de Deportes, mediante unha declaración xurada de que a súa situación económica familiar non variou con respecto a ó bimestre anterior, en caso contrario perderá os beneficios que lle otorga a exención.

Os beneficiarios da exención deberán xustificar, a través dos certificados correspondentes, as faltas de asistencias, podendo ser revocada a mesma, en caso de que estas superen o 20% no bimestre.

Establecese as seguintes bonificacións, cando no mesmo grupo familiar teña máis dun fillo participante:

- Ao 2º fillo participante unha bonificación do 50%. Dita bonificación será o resultado que se obteña de aplicar o 50% sobre o curso de menor cuantía.
- O 3º fillo e sucesivos participantes quedaran exentos.

Os expedientes das bonificacións serán tramitados polo departamento de deportes. Para tramitar a bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud cumplimentada.
- Copia do Libro de Familia ou calquera outro documento que acredite a unidade familiar.

As exencións serán para os cursos que se soliciten e para a tempada que dure o mesmo. As bonificacións solicitaranse para un máximo de dous cursos e para a tempada que duren os mesmos.

Tanto as exencións como as bonificacións deberán autorizarse polo organismo correspondente previamente a formalización da matrícula ou noutro caso producirán efectos no seguinte período de liquidación con respecto a súa solicitude.

Os inscritos en cursos gratuítos cuías faltas de asistencia sen xustificar superen o 20 % no bimestre serán dados de baixa no bimestre seguinte

ARTIGO 5.LIQUIDACIÓN

1.- As tarifas dos cursos e actividades deportivas liquidaransen bimensualmente e no período comprendido entre o 15 e 23 do mes precedente ó comenzo do bimestre en cuestión, excepto o primeiro bimestre que se liquidará no momento de presentar a solicitude de inscrición.

Se a inscrición se formalizara xa empezado o bimestre, a liquidación realizarase nese momento e a participación no curso iniciárase no mes seguinte

2.- Será de obrigado cumprimento facer chegar ó persoal do Pavillón o xustificante de abono bancario no prazo destinado para a realización do pago.

3.- No caso de non continuar cá actividade na que se está inscrito, deberá formalizarse a baixa no mesmo período establecido para o pago cumplimentando o formulario previsto. Transcorrido un mes sen asistir a actividade ou se as faltas de asistencia son superiores ao 50% do computo do bimestre e sempre que a falta non sexa xustificada e exista lista de agarda, se producirá a baixa automática por o Departamento de Deportes.

4.- No caso de non formalizar a baixa no período previsto, o interesado deberá liquidar o importe correspondente a seguinte mensualidade.

ARTIGO 6.- INGRESO

O pagamento desta tarifa realizarase nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal.

ARTIGO 7.-. DEVOLUCIÓN DE CUOTAS

A devolución de cuotas terá lugar:

1.- No caso de non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada (ex.anulación da actividade por parte da Administración).

2.- Cando a persoa non obteña praza na actividade na que se inscribe.

3.- Cando non se reúnan os requisitos esixidos (ex. de idade).

4. – Outras causas:

Para ter dereito á devolución total do importe aboado da praza adxudicada a persoa interesada previamente terá que comunicar por escrito a renuncia á praza e solicitar a devolución. Pero só se terá dereito á devolución SEMPRE E CANDO se de algunhas das seguintes circunstancias:

- Cando non rematase o prazo de inscrición ou período para efectuar o pago e non afecte á organización da actividade.
- Cando se lle confirme a praza á persoa e esta comunique antes do inicio da actividade que non poderá asistir, sempre e cando haxa lista de agarda para cubrir esa vacante.
- No caso de impedimento da persoa interesada para asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificados:
 - Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
 - Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar documentación que xustifique o motivo).
 - Outros motivos impredecibles e inevitables (deberá achegar documentación que xustifique o motivo).

A persoa interesada deberá comunicar na maior brevidade posible que non pode asistir e a súa renuncia á praza á DEPORTES por correo electrónico: pavellon@soutomaior.com ; co fin de que poidamos realizar as xestións de adxudicación desa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberá efectuarse en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia e posible devolución xunto coa documentación correspondente que acredite a causa. Neste caso, a presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de 20 días naturais contados desde a renuncia.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación pola Xunta de Goberno Local: 11/02/2010

Publicación no BOP: Núm. 49 do 12/03/10

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 11/10/2010

Publicación no BOP: Núm. 204 do 22/10/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 25/11/2010

Publicación no BOP: Núm. 246 de 27/12/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 25/11/2010

Publicación no BOP: Núm. 246 de 27/12/2010

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 03/09/2012

Publicación no BOP: Núm. 186 de 26/09/12

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 11/09/2015

Publicación no BOP: Núm. 183 de 22/09/2015.

Modificado pola Xunta de Goberno Local: 15/09/2016

Publicación no BOP: Núm. 187 de 29/09/2016.

Modificado pola Xunta de Goberno Local : 22/09/2017

Publicación no BOP Núm. 192 de 5 de outubro de 2017

Modificado pola Xunta de Goberno Local 11/04/2019

Publicado no BOP Núm. 76 de 22 de abril de 2019.

Publicado no BOP Núm. 103 de 2 de xuño de 2021

Modificado pola Xunta de Goberno Local : 09/09/2010

Publicado no BOP Núm. 180. de 17 de setembro de 2021